

Educando

en

Igualdade



Guía
para o profesorado

Educando en Igualdade. Guía para o profesorado

Un programa realizado por FETE-UGT en colaboración co Instituto da Muller y o Ministerio de Igualdade

Autoras:

FETE-UGT

Coa colaboración do Instituto da Muller

Baseado nos textos de:

Coeducación: dous sexos nun só mundo

Graciela Hernández Morales

M^a Jesús Cerviño Saavedra

ITE (Ministerio de Educación)

Instituto da Muller (Ministerio de Igualdade)

Madrid, 2009

Formación do profesorado. Igualdade de oportunidades entre rapazas e rapaces

Concepción Jaramillo Guijarro

Instituto da Muller (Ministerio de Igualdade)

Madrid, 2^a reimpresión 2007

Ilustracións: Mónica Carretero

Tradución: Antonio F. Álvarez Cisneros

Coordinación da Edición: Sendra Ros Escanez

Índice

Trinta anos de educación viaxando cara á igualdade	5
Situámonos no corazón do ensino	7
Comprendemos o significado da educación en igualdade	9
Avanzamos da educación mixta á coeducación	12
1. A visibilización do currículo oculto	14
2. A organización e participación no centro	17
3. A utilización dunha linguaxe non sexista onde mulleres e homes estean representados	20
4. Os contidos curriculares e os materiais didácticos	23
5. A educación en relación	26
6. A orientación escolar, vivencial e profesional	29
7. O centro educativo como espazo de paz e prevención da violencia contra as mulleres	32



Trinta anos de educación viaxando cara á igualdade

Hai trinta anos rapazas e rapaces estudaban en colexios separados e aprendían o que a sociedade consideraba apropiado para cada sexo. Elas preparábanse para habitar o espazo privado, onde eran responsables do coidado e a atención, e se dedicaban ás tarefas domésticas. Eles formábanse como futuros cabezas de familia para desempeñar un traballo e ocupar un sitio no ámbito público.

O muro que dividía o mundo en dous espazos derrubouse grazas ao movemento das mulleres, coa chegada da democracia e a aprobación da Constitución, na que se recoñece o principio de igualdade entre mulleres e homes.

Ao encontrarse alumnas e alumnos nas mesmas aulas, supuxemos que, entón, as relacións se establecerían de forma natural, levando unha nova forma de compartir a vida en igualdade.

Non obstante, pronto comprendemos que só estabamos no principio da viaxe. O tempo deixara a súa pegada indeleble en todos os cantos da educación, marcada polos coñecementos e necesidades dos seus habitantes. O currículo, a organización do centro, a linguaxe, as opcións



profesionais... estaban deseñadas e pensadas para o home, que tería que desempeñar un papel relevante no espazo público, no traballo remunerado, na política, na cultura...

Ante esta situación, só hai dúas solucións: negar a existencia das diferenzas entre os sexos ou intentar un verdadeiro encontro, onde as necesidades, achegas e experiencias de mulleres e homes estean presentes no sistema educativo.

A educación non pode quedarse varada en porto, como era antes, e é necesario fixar un novo rumbo que transforme a vida do centro dende as premisas da coeducación, detectando e visibilizando as situacións de discriminación que existen, moitas veces de forma velada, no ámbito educativo; incorporando o saber e o coñecemento das mulleres ao currículo escolar; organizando a vida do centro, tendo en conta as necesidades das mulleres e os homes que participan na comunidade educativa; e propondo estratexias educativas para crear relacións entre os sexos baseadas nos mesmos dereitos, o recoñecemento mutuo, o respecto, a liberdade e a corresponsabilidade.

Nestas páxinas encontrarás propostas que definen o modelo coeducativo, as razóns polas que é importante educar en igualdade e propostas prácticas que son o resultado da experiencia que fomos recollendo ao longo destes anos.

Ante esta situación, só
hai dúas solucións: negar
a existencia das
diferenzas entre os sexos
ou intentar un
verdadeiro encontro,
onde as necesidades,
achegas e experiencias
de mulleres e homes
estean presentes no
sistema educativo ””

Situámonos no corazón do ensino

Anosa viaxe comeza no corazón mesmo do ensino, no centro educativo, no que alumnas e alumnos, coas súas experiencias, expectativas e necesidades diferentes, compartirán unha parte importante das súas vidas.

Somos moitas as persoas que nos implicamos na formación das alumnas e os alumnos. Dende a dirección, as familias, o profesorado, os equipos de orientación, as persoas que traballan na administración, no comedor ou no mantemento do centro..., sabemos que estes anos serán decisivos e intentamos que desenvolvan todas as súas capacidades intelectuais, físicas, emocionais e



sociais. Queremos que aprendan a relacionarse dende o respecto e o recoñecemento mutuo; que se comprometan co coidado das súas vidas e das persoas coas que conviven; que se preparen para afrontar o seu futuro profesional, libres de estereotipos sexistas, de acordo coas súas aptitudes e capacidades; e que participen de forma responsable e activa, como cidadás e cidadáns, na sociedade e o tempo que lles tocou vivir.

Sabemos que neste lugar acontecen centos de cousas que teñen un significado moi especial para as nosas alumnas e alumnos. Todos os días lectivos, durante unhas horas, se relacionan nas aulas, nos corredores, no patio, no ximnasio..., comparten os pupitres, traballan en equipo, identifícanse cos seus iguais, exploran os seus sentimentos, esfórzanse por comprender quen é as persoas coas que comparten a aula, estudan en soidade ou en compañía, e a media voz comentan, dende a compliidade e a amizade, o que lles preocupa ou lles interesa. É un tempo para aprender a relacionarse en igualdade.



Queremos que participen de forma responsable e activa, como cidadás e cidadáns, na sociedade e o tempo que lles tocou vivir ”

Comprendemos o significado da educación en igualdade

As veces a palabra igualdade é interpretada de forma errónea, coma se se tratase de eliminar as diferenzas que hai entre rapazas e rapaces, facéndoo idénticos, ou se intentase que elas fosen como eles. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente a igualdade valora a diferenza, que é algo natural en si, pero non a desigualdade, que significa inxustiza, violencia e dominación dun sexo sobre outro.

Recordemos que durante séculos, e aínda hoxe, nalgúns lugares do mundo o destino das mulleres estaba predestinado dende o seu nacemento, limitando a súa existencia, a súa autonomía e a súa liberdade. Pola contra, a educación en igualdade abre un mundo de oportunidades, dereitos e vivencias positivas, algunhas das cales tradicionalmente pertencían só a un ou outro sexo. Tamén revisemos os costumes e códigos que estaban asociados a un sexo e que non resultan desexables nin beneficiosos para ningún dos dous.

A educación en igualdade...

- 📎 Favorece que as alumnas e alumnos poidan expresar as súas formas singulares, orixinais, diversas, pacíficas de ser muller e home.



A igualdade valora a diferenza, que é algo natural en si, pero non a desigualdade, que significa inxustiza, violencia e dominación dun sexo sobre outro ”

Educando en **Igualdade** 9

- ✎ Ensina a relacionarse dende o recoñecemento mutuo, o respecto e a responsabilidade.
- ✎ Erradica os estereotipos sexistas que impiden o pleno desenvolvemento intelectual, emocional, físico e social das alumnas e alumnos.
- ✎ Axuda a tomar decisións sobre o futuro persoal e profesional en función das aptitudes e expectativas, con seguridade sobre os dereitos e sen que estean condicionadas por estereotipos sexistas.
- ✎ Ensina as alumnas e alumnos a historia do feminismo, de forma que sexan conscientes do significado da discriminación histórica e do presente, así como das achegas das mulleres ao coñecemento e desenvolvemento da humanidade.
- ✎ Desenvolve propostas educativas que fomenten a corresponsabilidade no espazo doméstico, os coidados, a atención aos demais e a participación social.
- ✎ Garante os mesmos dereitos e oportunidades para as alumnas e alumnos, atendendo á súa realidade e necesidades específicas.
- ✎ Incorpora o coñecemento, os saberes, intereses e experiencias das mulleres ao currículo e á práctica educativa.
- ✎ Desenvolve un currículo que incorpora os saberes e achegas das mulleres en todos os campos do coñecemento, a arte, a historia e a vida en xeral.
- ✎ Prepara as alumnas e alumnos para ter unha actitude crítica e rebelarse ante aquelas mensaxes e situacións que discriminan ás mulleres en calquera medio de comunicación, novas tecnoloxías ou ámbito social.



- ✎ Desenvolve estratexias de participación das mulleres e os homes na xestión e organización da vida do centro.
- ✎ Garante que o centro educativo sexa un espazo amable, de paz e benestar onde as alumnas e alumnos participen sen temor á violencia ou á discriminación sexista, racial ou homófoba.

A escola coeducativa crea un ambiente de convivencia no que tanto os homes coma as mulleres teñen a oportunidade de interpretar con liberdade a súa diferenza sexual, masculina e feminina, e crecer cara a unha cidadanía responsable e democrática. Unha cidadanía que se relaciona desde a convivencia pacífica e está comprometida contra calquera tipo de discriminación...



Avanzamos da educación mixta á coeducación

É necesario que as alumnas e alumnos compartan a aula para aprender a coñecerse, respectarse, descubrir conxuntamente experiencias, traballar en equipo e cooperar. En definitiva, relacionarse dende o respecto de forma pacífica e responsable. Dende este espazo compartido noso obxectivo é chegar a desenvolver un modelo **coeducativo** que enriqueza a experiencia do centro, con novas propostas metodolóxicas, de relación, organizativa e curricular, eliminando os obstáculos e situacións de discriminación contra as mulleres, que actúan no currículo oculto; transformando o centro nun espazo amable e democrático onde todas as persoas dun e outro sexo se sintan recoñecidas e participen de forma responsable e plena, libres dos estereotipos sexistas, no proceso educativo.

Para o desenvolvemento do modelo coeducativo, é convinte elaborar un **plan de igualdade** no que participen o conxunto das persoas que interveñen na comunidade educativa. Como apartados deste plan podemos formular:

Transformar o centro nun espazo amable e democrático onde todas as persoas dun e outro sexo se sintan recoñecidas e participen de forma responsable e plena no proceso educativo ”



1. A visibilización do currículo oculto.
2. A organización e participación no centro.
3. A utilización dunha linguaxe non sexista onde mulleres e homes estean representados.
4. A revisión e cambio dos contidos curriculares e os materiais didácticos.
5. A educación en relación.
6. A orientación escolar, vivencia e profesional.
7. A vivencia do centro educativo como espazo de paz.

A coeducación é un reto para o conxunto da sociedade que, a través da educación en novos valores, anula as situacións de discriminación, camiñando cara á igualdade de dereitos e oportunidades definidas, tendo en conta a ambos os dous sexos e aprendendo do que crearon e sosteñen as mulleres, que é fundamental para a vida e a convivencia humana, especialmente o amor, e propiciando que as alumnas e os alumnos aprendan a relacionarse dende o recoñecemento mutuo, de forma que poidan expresar formas singulares, orixinais, diversas, pacíficas e libres de ser muller e de ser home.

1. *A visibilización do currículo oculto*

Ao centro educativo asisten alumnas e alumnos con diferentes expectativas, necesidades e experiencias, definidas polo feito de pertencer a un, ou outro sexo. O alumnado neutro e universal non existe. Non obstante, o sistema educativo que hoxe coñecemos foi concibido, nun principio, para formar os alumnos no marco de socialización patriarcal que levaba funcionando dende cara a séculos e que definía o papel que os homes debían desempeñar no mundo público e as mulleres no mundo privado.

Este escenario non cambiou cando se aprobou a educación mixta e aínda hoxe resístese a transformarse, polo que as alumnas se incorporan a un espazo que lles resulta, como mínimo, alleo, xa que ignoran, en gran parte, a realidade histórica e social das mulleres, as súas necesidades, as dificultades para moverse nun mundo que conseguiu a igualdade legal, pero que aínda tropeza con obstáculos para chegar a unha igualdade real. Non transmite, por non os considerar fundamentais, os saberes e coñecementos que foron transmitíndose de madre a fillas na creación, o coidado e o mantemento da vida e as relacións. Non conta





a historia das mulleres e as distintas etapas na conquista dos seus dereitos. E oculta os nomes e a contribución das mulleres aos distintos campos do saber e ao desenvolvemento da humanidade.

A vixencia dese modelo, mal chamado neutro, que non ten en conta as necesidades das alumnas e alumnos, dificulta o seu desenvolvemento persoal. Ás alumnas cústalles encontrar referentes cos que identificarse, sentirse valoradas e autorizadas para habitar a escola con autonomía e liberdade ou participar en igualdade nos ámbitos de decisión ou nos proxectos educativos e vitais. Aos alumnos éelles complicado encontrar os camiños para o seu pleno desenvolvemento nos aspectos relacionados coas emocións, o coidado, a relación e os afectos, que son indispensables, para proxectar unha vida plena e responsable.

Para que este modelo de escola, que se di neutro e universal, teña en conta a presenza e as necesidades específicas dunhas e doutros, de forma que o conxunto da comunidade educativa se beneficie das súas contribucións, é necesario desenmascarar a falsa neutralidade e visibilizar en que medida están presentes as mulleres e as nenas, en todos os compoñentes da vida do centro e as situacións que as discriminan.

Situacións como a invisibilidade das mulleres e das súas accións na historia, a ciencia, a arte, a política, as matemáticas, etc.; nos libros de

texto e materiais de aula, a opacidade da linguaxe, pretendidamente xenérica, que invisibiliza á metade da humanidade, o tratamento secundario, o menor recoñecemento e reforzo das alumnas por parte do profesorado, as normas e o uso dos espazos escolares, a non incorporación da formación afectiva-sexual, así como o tratamento da prevención da violencia escolar, sen ter en conta a perspectiva de xénero e a ausencia das tarefas que tradicionalmente corresponderon ao ámbito doméstico nos currículos escolares, son algunhas das variables que dificultan a educación en igualdade.

Mostrar o currículo oculto é desvelar as trampas da discriminación e dar paso a unha educación que se enriqueza coa presenza e participación plena das mulleres e os homes.




2. A organización e participación no centro

No contexto escolar non só se aprenden os contidos previstos nas materias, senón que nos espazos de convivencia establécense e transmiten valores, actitudes e comportamentos relacionados coa igualdade entre os sexos. Todo educa. Cada xesto, cada decisión, a forma en que nos diriximos ao alumnado, a planificación de actividades, o uso de espazos, o lugar que ocupan as mulleres no organigrama do centro e mesmo a forma en que informamos a través das cartas ou notificacións. Todos os elementos e variables transmiten o concepto e o valor que adxudicamos aos homes e ás mulleres e marca os vínculos que se establecen entre as persoas que conviven diariamente no centro escolar.

Por esta razón, é importante que todas as persoas que formamos parte da comunidade educativa tomemos conciencia das situacións de desigualdade que en moitas ocasións forman parte dunha rutina baseada en estereotipos e prexuízos e lideremos un proceso de cambio que sen dúbida nos beneficiará, xerando relacións máis democráticas, xustas e solidarias.

Todo educa. Cada xesto, cada decisión, a forma en que nos diriximos ao alumnado, a planificación de actividades, o uso de espazos, o lugar que ocupan as mulleres no organigrama do centro e mesmo a forma en que informamos a través das cartas ou notificacións ””



Algunhas das liñas nas que podemos incidir son:

- ✎ A incorporación do principio de igualdade no proxecto de centro, curricular e de convivencia.
- ✎ A incorporación do principio de igualdade no regulamento interno do centro.
- ✎ A presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de decisión e participación.
- ✎ Potenciar a utilización dos espazos do centro con liberdade e seguridade por parte de alumnas e alumnos.

- ✎ A visibilización das mulleres en todos os aspectos de comunicación do centro. Por exemplo, nomes de aulas, biblioteca, actividades, a web do centro, o xornal escolar...
- ✎ O establecemento de relacións de intercambio, información e traballo conxunto con asociacións e organismos de igualdade.
- ✎ A utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva tanto nas comunicacións escritas como orais.
- ✎ A adaptación dos horarios e actividades escolares ás necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que traballan no centro e das familias.
- ✎ A revisión do currículo e materiais que se utilizan tanto nas aulas para que inclúan a realidade das mulleres e non teñan estereotipos sexistas, coma na biblioteca ou nas actividades extraescolares.
- ✎ A programación de actividades de educación en igualdade dirixidas tanto ás traballadoras e traballadores do ensino, coma ás familias e ao alumnado.
- ✎ A incorporación no currículo escolar de contidos de igualdade, como son a prevención da violencia contra as mulleres, os saberes relacionados co ámbito doméstico e o coidado, a historia das mulleres e as relacións afectivo-sexuais.
- ✎ A revisión da metodoloxía pedagóxica, incorporando elementos de participación, cooperación e investigación que potencien o coñecemento mutuo e as relacións de respecto entre rapazas e rapaces.



3. A utilización dunha linguaxe non sexista onde mulleres e homes estean representados

Todas as persoas que traballamos en educación sabemos que a linguaxe é o elemento básico da práctica educativa, non só porque nos relacionamos a través das palabras, senón por que é un instrumento de representación simbólica da realidade a través do cal construímos e transmitimos o coñecemento. A linguaxe está na base de todas as relacións humanas e tamén polo tanto das educativas. Ata tal punto é importante, que as alumnas e alumnos fan seu o coñecemento cando recoñecen as palabras que o designan, utilizándoas para interpretar, comunicar, expresar e crear novas realidades. É dicir, cando lles regalamos ou axudamos a descubrir unha nova palabra ou a designar coas súas palabras a realidade, avanza no coñecemento e enriquecen a súa existencia.

Cando a linguaxe non expresa e se esconde no masculino pretendidamente neutral, estamos a roubar a existencia das mulleres e das nenas, a súa realidade, ocultando o feito de que se o mundo é un, os seres que o habitan pertencen a dous sexos diferentes. Equiparar o masculino ao universal é invisibilizar ás mulleres.





En educación é fundamental utilizar unha linguaxe non sexista porque:

- ✎ As mulleres e as nenas necesitan recoñecerse e ser recoñecidas nas palabras que expresan a realidade, construíndo e transmitindo o coñecemento. É unha necesidade existencial que non depende de normas.
- ✎ As alumnas e alumnos necesitan apropiarse da linguaxe para dicirse en primeira persoa, tales como son, e recoñecer a ambos os dous sexos coas súas necesidades, desexos, inquietudes, relacionarse co seu ámbito e aprender.

- ✎ A realidade das mulleres e as nenas só se fai visible cando nos libros de texto e nos contidos escolares utilizamos o feminino e o masculino.
- ✎ Nomear as mulleres, e non só os homes, nos contidos escolares significa subliñar simbolicamente a súa existencia e darlles relevancia no conxunto das aprendizaxes.
- ✎ A través da linguaxe podemos imaxinar novas realidades, conxectar outras maneiras de facer as cousas ou de interpretar o mundo. Por exemplo cando incorporamos a palabra médica, ministra, coador ou enfermeiro... fóronse abrindo novas posibilidades a profesións que tradicionalmente pertencían a un ou outro sexo, abrindo portas a novos camiños.
- ✎ A linguaxe axúdanos a concibir, nomear e imaxinar formas diferentes de ser home e muller.
- ✎ Nomear ambos os dous sexos implica falar do que as mulleres e os homes facemos, creamos, sentimos, achegamos, sentimos e experimentamos.

É imprescindible a utilización dunha linguaxe que represente e estea habitada por mulleres e homes para facer visible a súa contribución, fomentar a participación e convivencia en igualdade, así como evitar a violencia e os estereotipos.



Só habitando a linguaxe desde a experiencia das mulleres e os homes poderemos proxectar o mundo que entre todas e todos queremos construír.

4. Os contidos curriculares e os materiais didácticos

A través dos contidos escolares, os materiais didácticos e internet ensinamos unha determinada concepción do mundo e da sociedade que inclúe conceptos, crenzas, valores e actitudes acerca do que as diferentes sociedades e épocas históricas consideraron que son os homes e as mulleres e o papel que desempeñan nelas.

Estas concepcións non son as mesmas en todos os lugares e en todas as épocas, teñen un carácter histórico e, polo tanto, modificable. Pero o que si é común na maioría dos casos é unha visión androcéntrica dos contidos escolares, segundo a cal a experiencia das mulleres, o seu traballo e as súas achegas á cultura e ao coñecemento non mereceron a consideración suficiente para ser recollidos, conservados e transmitidos.

Por iso, é necesario seleccionar e desenvolver os contidos escolares, de maneira que neles se inclúan os saberes e a experiencia que as mulleres e os homes achegan e achegaron ao coñecemento humano. De igual modo, é preciso seleccionar os materiais didácticos cun criterio que teña en conta a presenza de representacións e contidos referidos tanto a mulleres coma a homes. Esta é o xeito de evitar a reprodución

É necesario seleccionar e desenvolver os contidos escolares, de maneira que neles se inclúan os saberes e a experiencia que as mulleres e os homes achegan e achegaron ao coñecemento humano ”

de estereotipos e a infrarrepresentación e infravaloración das mulleres e dos seus traballos, actividades e achegas.

Ofrecémosche algunhas ideas para o desenvolvemento dos contidos dende a igualdade:

- ✎ Revisa os libros de texto que vas recomendar ao teu alumnado, de forma que non conteñan imaxes, linguaxe ou contidos sexistas.
- ✎ Elixes aqueles libros que acheguen o coñecemento das mulleres e homes. Non deas unha visión androcéntrica dos coñecementos, facendo para iso fincapé na perspectiva de xénero en calquera dos contidos que se levan á aula.
- ✎ Inclúe entre os contidos a análise crítica de todos aqueles obstáculos que para a igualdade houbo ao longo da historia: prexuízos e estereotipos de xénero, ideoloxías non igualitarias, etc.
- ✎ Crea unha biblioteca de aula e de centro, que incorpore libros sobre a historia das mulleres, biografías e manuais de investigación.



- ✎ Utiliza metodoloxías activas e participativas nas que as alumnas e alumnos constrúan o coñecemento, por medio da investigación e o traballo en equipo. Desta forma podes dirxilos, para ensinalos a aprender cunha visión inclusiva que teña en conta a realidade, contribución e experiencias tanto das mulleres como dos homes.
- ✎ Recorre aos seminarios de investigación e bibliotecas especializadas que se encontran nas universidades, onde poderás encontrar interesantes xenealoxías femininas, historias das mulleres e investigacións dende a perspectiva de xénero.
- ✎ Utiliza internet como recurso para o desenvolvemento de contidos. Na rede encontrarás un número importante de páxinas web e blogs que están a contribuír a difundir a historia e contribución das mulleres ao saber.
- ✎ Ensina a historia do feminismo nos contidos da materia de educación para a cidadanía e noutras materias relacionadas.
- ✎ Introduce nas materias saberes cotiáns, é dicir, saberes conectados ao que acontece na vida real e á necesidade de que o fagan mulleres e homes.
- ✎ Revaloriza o coñecemento cotián das túas alumnas e alumnos, así como do seu ámbito familiar, de forma que aprecien os saberes transmitidos polas súas avoas e nais.



5. A educación en relación

Como profesoras e profesores somos moi conscientes de que establecemos relacións coas nosas alumnas e alumnos baseadas na confianza e o apoio, que serán fundamentais para que desenvolvan as estratexias necesarias, para aprender a aprender, para convivir cos demais, comprometerse co seu ámbito e lograr un desenvolvemento da súa identidade, seguro e equilibrado.

As persoas que educamos necesitamos que recoñezan a nosa autoridade para desta forma ensinalos a aprender e pola súa banda, as alumnas e alumnos necesitan saber que lles consideramos persoas especiais e únicas, coa súa propia forma de ser e de expresarse. Tal e como expresa Concepción Jaramillo: “A autoridade para ensinar susténtase no feito de que as miñas alumnas e alumnos recoñezan que eu teño algo que achegarlles, algo que estou disposta a intercambiar e, ademais, pola miña capacidade para recoñecer o que elas e eles teñen e non teñen, por darlles a palabra e estar interesada en recibir”.

Non obstante, o peso dos estereotipos fai que con demasiada frecuencia establezamos pautas grupais que nos levan a tratalos de forma distorsionada. Por exemplo, con demasiada frecuencia, e coa intención de non discriminar as rapazas, facemos coma se todas e todos fosen iguais.

“A autoridade para ensinar susténtase no feito de que as miñas alumnas e alumnos recoñezan que eu teño algo que achegarlles, algo que estou disposta a intercambiar e, ademais, pola miña capacidade para recoñecer o que elas e eles teñen e non teñen, por darlles a palabra e estar interesada en recibir” ”



Ou, pola contra, recoñecemos as diferenzas relacionadas co sexo, de forma estereotipada, comparando a actitude das alumnas coa dos alumnos e viceversa.

Para que a relación educativa sexa auténtica e se estableza desde o recoñecemento único de cada alumna e cada alumno, e para que permita que se expresen de forma libre, suxerímosche algunhas propostas e reflexións:

- ✎ Observa cada alumna e cada alumno como son realmente, intentando separarte da idea preconcebida e estereotipada que tes de como deben comportarse unhas e outros.
- ✎ Non establezas comparacións entre as alumnas e os alumnos.
- ✎ Escoita ás rapazas por si mesmas e non en función dos rapaces ou en comparación con eles.

- ✎ Crea un clima de confianza no que todas as alumnas e alumnos sintan a seguridade para expresarse, intercambiar opinións, equivocarse, discernir ou resolver conflitos de forma pacífica.
- ✎ escoita os sentimentos, reflexións e desexos de cada alumna e cada alumno, tomando en serio e respectando os seus sentimentos, reflexións e progresos.
- ✎ Relaciónate de forma singular con cada alumna e cada alumno, mostrando interese pola súa forma de ser, así como polas súas particularidades.
- ✎ Confía na capacidade de cada unha das alumnas e dos alumnos para facerse preguntas, sacar o mellor de si, ampliar a súa formación e coñecementos, ensíñalo a confiar nas súas capacidades e buscar a súa propia forma de desenvolvelos.
- ✎ Establece metodoloxías participativas e de traballo grupal que lles permitan aprender a escoitarse, colaborar e aprender do resto dos compañeiros e compañeiras, dende o respecto e o recoñecemento mutuo.

Os estereotipos de xénero desaparecen cando nos relacionamos coas alumnas e alumnos dende a escoita e o respecto.




6. *A orientación escolar, vivencial e profesional*

Dende os primeiros anos de escolarización, as nenas e os nenos comezan a imaxinarse como serán de maiores, cal será a súa profesión e con quen e como vivirán. Así, dende os primeiros cursos podemos realizar un labor de acompañamento os axudemos a na que expresar os seus desexos, a coñecer as súas aptitudes, desenvolver e adestrarse en habilidades e interpretar as distintas opcións que teñen nas diferentes etapas, libres de estereotipos sexistas.

A orientación, polo tanto, é un proceso continuo ao longo de todo o proceso educativo, que ten como obxectivo o desenvolvemento integral das capacidades do alumnado, en relación coas distintas opcións formativas, profesionais e vivenciais.

É moi frecuente encontrarnos en situacións onde as rapazas definen o seu proxecto vital dende a compatibilidade da vida profesional e a súa vida privada



de relacións e afectos. Mentres que os rapaces adoitan proxectarse exclusivamente no mundo profesional, esquecendo as opcións de relación e coidado. Sobre unhas e outros pesan os estereotipos que limitan as súas eleccións libres, responsables e plenas. Para atender a todas as facetas da vida, é importante que sexan conscientes de que deben desenvolver as súas capacidades de pensamento, emocionais, de coidado, de relación e afectivas. Como podemos axudalos a elixir dende a liberdade e o recoñecemento do que realmente desexan e para o que teñen capacidade? Como ensinalos a valorar as distintas opcións da vida? Recomendámosche algunhas propostas e ideas...

- ✎ Dende os primeiros cursos, ánimoaos a explorar todas as súas posibilidades, imaxinando, sopesando e proxectándose en distintas situacións laborais, persoais e sociais.
- ✎ Para contrarrestar os modelos de socialización estereotipados que ditan os comportamentos na vida privada e pública, móstraos e axúdaos a coñecer experiencias de mulleres e homes, en profesións non tradicionais e na vida cotiá.
- ✎ Potencia o desenvolvemento singular de cada alumna e cada alumno, fixándote naquilo polo que mostran interese e viven con entusiasmo.
- ✎ Ten especial coidado para que tanto elas coma eles realicen todo tipo de tarefas e non se estanquen en actividades que se consideran “naturais” para un ou outro sexo.

Para atender a todas as facetas da vida, é importante que sexan conscientes de que deben desenvolver as súas capacidades de pensamento, emocionais, de coidado, de relación e afectivas ””



- ✎ Subliña a importancia da vida cotiá na construción do proxecto de cada persoa. É importante ensinarlles que os traballos que xera a vida cotiá son necesarios para vivir e convivir, polo que tanto mulleres coma homes deben realizalos, corresponsabilizándose, aprendendo a responsabilizarse das súas propias necesidades e tendo en conta as das persoas coas que conviven.
- ✎ Apréndelles a valorar o tempo, o seu investimento e utilización para as distintas facetas que require a vida, como a atención aos demais, o autocoidado, o descanso, os labores escolares, o tempo para pensar no que viven... e a respectar o tempo das demais persoas.

Dende a orientación podemos contribuír á igualdade, acompañando as alumnas e alumnos para que elixan de forma responsable e libre entre as distintas opcións profesionais, proxecten o modelo vital que desexan e sexan conscientes da importancia que ten a corresponsabilidade na vida privada, o coidado de si e o compromiso activo coa comunidade.

7. O centro educativo como espazo de paz e prevención da violencia contra as mulleres

O centro escolar é un dos espazos privilexiados para aprender a relacionarse con actitudes de respecto e paz, resolvendo os conflitos de forma pacífica e enriquecedora.

É importante recordar que a violencia cara ás mulleres se manifesta a través de moitos tipos de condutas e non se limita ás agresións claramente manifestas, como insultos ou golpes, senón que abrangue todas aquelas situacións de desigualdade e discriminatorias que habitualmente aparecen como formas de trato cotiás e normalizadas que padecen as mulleres polo feito de selo. Moitas das situacións de violencia contra as mulleres toléranse como normais por tradición, costume ou por non lles dar a importancia que teñen ao consideralas xogos ou “cousas de nenos”. Para evitar estas situacións é fundamental visibilizar e nomear aquelas condutas que dunha ou outra forma atentan contra as nenas e as mulleres.



Ensinando a previr a violencia machista, o conxunto da comunidade educativa debe asumir o compromiso coa construción dun espazo libre de violencia e a formación para a paz ”

Co obxectivo de educar dende a resolución de conflitos de forma pacífica e non sexista, ensinando a previr a violencia machista, o conxunto da comunidade educativa debe asumir o compromiso coa construción dun espazo libre de violencia e a formación para a paz. Algunhas das medidas que podemos adoptar son:

- ✎ Visualizar e nomear as distintas situacións de violencia contra as mulleres que se establecen na comunidade educativa. É fundamental que as alumnas e alumnos, así como toda a comunidade educativa, distingan e poidan definir cales son as situacións de violencia e agresión machistas, para poder evitalas, denuncialas e tratalas.
- ✎ Incorporar no Plan Integral de Convivencia do centro propostas de prevención, detección e intervención para o tratamento de problemas de convivencia e, especialmente, para os de violencia sexista (psicolóxica, verbal e física).
- ✎ É básico que o centro conte con modelos de actuación para os casos de violencia sexista: pintadas, insultos, discriminacións, homofobia, etc., aínda que é preciso aterse a cada caso sen xeneralizar.
- ✎ Cuestionar as mensaxes sexistas con que é bombardeado o alumnado nos diferentes ámbitos da súa vida privada e dende a televisión, o cine, a publicidade, os videoxogos, internet, cómics e outras formas de ocio.

- ✎ Introducir no currículo valores positivos atribuídos ás mulleres, como son os coidados, a empatía, a cooperación, a afectividade, o espazo privado, e aqueles positivos atribuídos aos varóns, como son a asertividade, o espazo público, a autonomía..., de maneira que as alumnas e alumnos se abran a un mundo de oportunidades e vivencias e incorporen competencias que tradicionalmente pertencían só a un ou outro sexo.
- ✎ Ensinar a resolver conflitos de forma positiva, comprendendo que a resolución non violenta dos conflitos que forman parte da vida cotiá das persoas pode ser unha fonte de aprendizaxe e de crecemento persoal.
- ✎ Distinguir entre “diferenza” e “desigualdade”, xa que a súa confusión xera situacións de dominación/submisión e é fonte de conflitos e enfrontamentos.

A prevención da violencia contra as mulleres é moito máis que evitar xestos e actitudes sexistas ou de violencia, verbal ou física. Implica valorar os sentimentos, saber escoitalos e expresalos dunha forma xusta, sen chantaxe, aceptando os conflitos como posibilidade de crecemento persoal e colectivo.



Educando en Igualdade

Un programa realizado por FETE-UGT en colaboración co Instituto da Muller y o Ministerio de Igualdade

Por que unha campaña para educar en igualdade?

Os centros escolares, son sen dúbida, un dos espazos privilexiados para aprender a relacionarnos en igualdade. Cada día, durante varias horas, compartimos novas experiencias que nos levan a coñecernos un pouco mellor, a relacionarnos dende o recoñecemento mutuo, ou a comunicarnos dende a complicidade e a aprender cuales son os dereitos que temos como mulleres e como homes. Nesta campaña, a través das guías, os talleres e dende a páxina web www.educandoenigualdad.com, queremos axudarvos a reflexionar e investigar que significa compartir a vida en igualdade.

Onde podo ampliar os contidos da guía?

Na páxina web www.educandoenigualdad.com, onde encontrarás bibliografía comentada de cada un dos temas. Tamén encontrarás outros apartados interesantes como actividades didácticas para traballar a igualdade na aula, videos, dicionario coeducativos, unha guía de linguaxe non sexista, e recursos *online*.

En que consiste a campaña Educando en Igualdade?

Para a campaña editamos cinco guías nos diferentes idiomas oficiais que se distribuirán de forma gratuíta. Ademais imos realizar talleres de formación para alumnos e alumnas das etapas de primaria e secundaria, nos centros. Para os profesores e as profesoras realizaremos cursos de coeducación. Podedes seguir a campaña a través da páxina web www.educandoenigualdad.com

E se necesito resolver dúbidas ou solicitar información?

Contades cunha asesoría sobre igualdade e educación na páxina web www.educandoenigualdad.com, onde responderemos a todas as vosas preguntas e peticións. Podes consultarnos sobre os materiais da campaña no correo electrónico info@educandoenigualdad.com